

UD9. O SÉCULO DA RAZÓN. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME

1. ECONOMÍA AGRÍCOLA E SEÑORIAL

A economía era fundamentalmente rural, baseada na agricultura e na gandaría. Na maior parte de Europa practicábase unha **agricultura de subsistencia** (con baixa produtividade, técnicas tradicionais: rotación trienal, barbeito, ferramentas pouco evolucionadas, etc.) dependente dos factores físicos (clima, relevo e tipo de solo). Isto provocaba grandes fames en períodos de secas, grandes choivas, etc. O trigo e a cebada serán os principais alimentos, pero dende o século XVII se introducen o produtos chegados de América (millo e pataca, principalmente).

A maior parte da **terra** estaba en mans da nobreza e do clero, **vinculada** mediante diferentes medidas xurídicas como os morgados, para as casas nobres, ou os bens en mans mortas, no caso das ordes monástica ou igrexas. O morgado era unha institución xurídica pola cal todo o patrimonio que o conformaba debía transmitirse ao fillo varón máis vello. Este patrimonio podíase desfrutar, mais non vender ou dividir só ampliar co obxectivo de manter a riqueza e o prestixio da casa nobre. O mesmo sucedía cos bens en mans mortas.

A terras baixo a nobreza e o clero estaban baixo o **réxime señorial**, polo cal mediante contratos, como o foro galego, os privilexiados deixaban en usufruto a terra a cambio dunha renda e outros privilexios (monopolios, corveas, décimo, aplicación de leis,...).

A maiores existían as terras dos **campesiños libres** (alodiais) e **terras comunais** de gran importancia para o pobo, como bosques, pastos de montaña, etc. Dos cales se beneficiaban os habitantes das aldeas e vilas para extraer recursos naturais como: madeira, alimento para o gando, froitos silvestres, etc.

2. A SOCIEDADE ESTAMENTAL

Nacida na Idade Media a sociedade estamental manterase ao longo do século XVIII en Europa e América, aínda que comezará a romperse na segunda metade do século debido ás diferentes revolucións liberais. A nivel demográfico a taxa de natalidade seguirá sendo alta, pero a de mortalidade comezará a baixar grazas ás melloras na alimentación (novos cultivos e técnicas), menos epidemias, e as guerras menos violentas e desvoltas en gran maioría fora das fronteiras europeas.

A sociedade estamental divídese en estamentos (Grupo social propio do Antigo Réxime definido polo nacemento). Distínguense tres estamentos: Nobreza e clero (Privilexiados) e Terceiro Estado (Non privilexiados). A sociedade era pechada porque é moi difícil cambiar de grupo (excepcións por compra-venda de títulos ou matrimonio).

PRIVILEXIADOS:

- ✓ Exención fiscal.
- ✓ Monopolio dos cargos públicos (herdados en moitos casos).
- ✓ Oficialidade do exército.
- ✓ Propietarios de terras ➡ SEÑORÍOS (nobiliarios ou eclesiásticos)

- ✓ Cobro de rendas.
- ✓ Xurisdición do señor sobre as terras e os habitantes.

Nobreza: Alta nobreza (duques, condes, monopoliza os altos cargos e grandes propiedades). Baixa nobreza (baróns, fidalgos, tiña unha peor situación económica e tratou de emparentarse coa burguesía adiñeirada).

Clero: Alto clero (bispos, abades, eran os segundóns das familias nobres). Baixo clero (cregos, monxes, párrocos). Tamén pode dividirse en clero regular (o que segue unha regra, unha regra monástica, franciscanos, dominicos, clarisas) e o clero secular (curas, bispos).

NON PRIVILEXIADOS: Terceiro Estado ou xente do común

- ✓ Pagan impostos.
- ✓ Atópanse baixo a xurisdición dos privilexiados.
- ✓ Grupo moi heteroxéneo, pero tamén o máis numeroso.

Burguesía: eran os comerciantes, artesáns, banqueiros, profesións liberais (médicos, notarios, avogados). Divídese en alta burguesía e baixa ou pequena burguesía segundo o capital que teñan. Teñen o poder económico e nun primeiro momento compartirán o poder das cidades cos nobres, pero ao final do século tamén reclamaran o poder do Estado.

Asalariados: empregados en obradoiros, criados.

Campeñiños: traballan no campo nas súas terras (en propiedade ou arrendadas), ou nas de outros (a cambio dun xornal, xornaleiros).

Marxinados: pobres, vagabundos, prostitutas, xitanos...

3. A ARTESANÍA E O COMERCIO

A **actividade manufactureira** organizábase de 3 formas distintas, baixo o sistema gremial, as reais fábricas e o sistema doméstico (Domestic system).

Os **gremios** eran organizacións de artesáns dun mesmo oficio, controlaban a produción, os prezos, a calidade e tamén ofrecían servizos de asistencia (viúvas, enfermos, etc.).

As **reais fábricas** eran obradoiros mandados facer polo monarca e orientaban a súa produción ás manufacturas de luxo (vidros, cerámica, tapices) ou armas.


Domestic system: este sistema nace no século XVIII, onde os empresarios, xeralmente comerciantes, adquirían a materia prima, por exemplo la. Os campeñiños e campeñiñas a tecían nas súas casas e coas súas ferramentas. O empresario recollía as pezas e as levaba aos mercados onde as vendía.

Tras unha etapa de descubrimentos e consolidación (século XVI) iniciase a formación das grandes rutas comerciais, o gran auxe das mesmas dará lugar á creación de compañías privilexiadas (a Compañía inglesa das indias orientais, a Compañía holandesa das indias orientais, a Compañía de Caracas, etc.), algunhas tiveron un gran poder, como o caso da inglesa que chegou a gobernar a India.

Estas compañías encargaranse de traer a Europa materias primas extraídas das plantacións americanas e asiáticas (té, algodón, azucre, cacao, café, tabaco, ouro, prata, especias...), a cambio de produtos manufacturados, principalmente teas. Este intercambio se complementaba co comercio de escravos, persoas secuestradas ou compradas das costas de África occidental, principalmente baixo o imperio Dahomey e levadas ás plantacións americanas. Algúns historiadores afirman que chagaron ás cosas americanas máis de 12 millóns de escravos provenientes de África. Os inxentes beneficios do comercio triangular e con Asia permitirían a Europa establecer as bases económicas da revolución industrial.

4. OS DIFERENTES SISTEMAS POLÍTICOS

Na Europa do século XVIII conviviron en Europa dous sistemas políticos: o absolutismo e o parlamentarismo.



5. A ILUSTRACIÓN

A Ilustración foi un movemento intelectual que nace no século XVIII e cuxas ideas desembocaran nas diferentes revolucións liberais (revolución francesa, independencias dos estados americanos,...). As súas características son:

- ✓ Racionalismo e o empirismo: Fe na razón e na experiencia para conseguir o progreso, fronte aos costumes, a tradición e as supersticións.
- ✓ Necesidade das reformas como medio para alcanzar o progreso, suprimindo os privilexios.
- ✓ Defensa dunha relixión natural (deísmo): Crenza nun ser supremo que ordena a máquina do universo.
- ✓ Defensa da tolerancia e da educación: Aumento da edición de libros, aparición do xornalismo e desenvolvemento da opinión pública.
- ✓ Defensa duns dereitos naturais: as persoas teñen uns dereitos intrínsecos polo feito de ser persoas (liberdade, etc.). Este punto débese matizar pois xeralmente falan só de homes varóns, nos mulleres.
- ✓ Obxectivo último: A felicidade do home.

Para difundir estas ideas créanse Academias (Arte, Literatura, etc.), Salóns (asociacións de persoas que se reúnen para discutir temas ou facer lecturas, son fundamentais os promovidos polas mulleres). Xunto coas institucións tamén serán importantes a prensa e a Enciclopedia (texto que reunía “todo” o saber ata o momento, redactada por Diderot e D’Alembert).

Os principais autores da Ilustración son:

MONTESQUIEU pai da división de poderes: 1. Lexislativo no Parlamento (cámara de representantes). 2. Executivo no goberno. 3. Xudicial nos xuíces e tribunais. A obra máis importante e “O espírito das leis”

ROUSSEAU pai da soberanía popular (proto-demócrata): defende a idea do Contrato social, da liberdade individual, dos dereitos políticos e dunha especie de democracia directa. A vontade xeral base da soberanía e da lei. E a defensa da educación. As súas obras máis importantes son: “O contrato social” e o “Emilio”.

VOLTAIRE pai do despotismo ilustrado: idea que se resume na frase “Todo para o pobo pero sen o pobo”. Defende a oposición ao absolutismo, a tolerancia, a Educación para o progreso, a Relixión natural e a Igualdade fiscal (fin do privilexio). As súas obras máis importantes son: “Cartas filosóficas” e “Tratado sobre a tolerancia”. Para coñecer máis do despotismo ilustrado estudar páxina 227.

As ideas presentadas polos diferentes autores sobre a liberdade e a igualdade serán a base cultural e intelectual das revolucións do século XVIII (a revolución francesa e as americanas).